



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Pleno organizativo»
Data	10 de xullo de 2023
Duración	Desde as 9:30 ata as 10:45 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ





Concello de Guitiriz

76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan morado corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 602/2023. Dar conta dos decretos de delegacións da alcaldesa en concelleiros/las, nomeamentos de tenentes de alcaldesa, nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e Constitución Grupos Políticos

O Secretario da conta dos seguintes acordos da Alcaldía do seguinte teor literal:

<< DECRETO Nº 2023-0553 DE DATA 23/06/2023. DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA EN CONCELEIROS/AS. Expte. 602/2023

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polos artigos 43, 44 e 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais concordantes e de xeral aplicación.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Outorgar as delegacións que se sinalan nas seguintes materias competencia da Alcaldía:

A dona Paula Campo Barral, delegación da Área de Coordinación de Goberno, Réxime Interior e Medio ambiente.

A don Iván Morado Corral, delegación da Área de Xuventude e Deportes.

A don Carlos Plácido Buján López, delegación da Área de Medio Rural e Coordinación de Obras e Servizos nas parroquias.

A dona María Pilar Vázquez Ares, delegación da Área de Promoción e Dinamización Económica (turismo, consumo, hostalería e comercio)





Concello de Guitiriz

A don Ramón Rivas Villares, delegación da Área de Cultura, Igualdade e Emprego.

A dona Sofía Sánchez Miragaya, delegación da Área de Integración, Promoción e Servizos Sociais.

SEGUNDO.- As delegacións comprenden todas aquelas facultades, dereitos e deberes referidos á materia delegada que corresponden ao órgano que ten asignadas orixinariamente as atribucións coa excepción das que segundo a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local son materias non delegables. Os delegados terán amplas facultades para dirixir os asuntos obxecto de delegación así como para xestionalos en xeral, si ben as delegacións non inclúen a facultade de resolver mediante o ditado de actos administrativos que afecten a terceiros, facultade esta que queda reservada ao órgano resolutorio que legalmente corresponda. As facultades que se delegan son a dirección interna dos servizos correspondentes e a xestión en xeral dos asuntos con eles relacionados, con facultades de estudo e proposta dos asuntos. A delegación inclúe a dirección dos actos ordinarios de trámite administrativo e ordenar a tramitación de expedientes en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

TERCEIRO.- A delegación de atribucións requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do/a delegado/a. A delegación entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados desde a notificación do acordo o/a membro ou órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación. A revogación ou modificación das delegacións haberán de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

CUARTO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.>>

<< DECRETO Nº 2023-0559 DE DATA 26/06/2023. NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDESA. Expte. 602/2023

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polos artigos 43, 44 e 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais concordantes e de xeral aplicación.

RESOLVO:

PRIMEIRO. - Nomear Tenentes de Alcaldesa aos seguintes concelleiros e concelleiras:

Dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcaldesa.

Don Iván Morado Corral, segundo tenente de alcaldesa.

Don Carlos Plácido Bujan López, terceiro tenente de alcaldesa.

SEGUNDO- Aos tenentes de alcaldesa corresponderalles substituír á Alcaldía na totalidade





Concello de Guitiriz

das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas atribucións. Exercerán as competencias previstas no artigo 47 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, nos termos que no mesmo se detallan, e coas limitacións impostas polo artigo 48 do mesmo texto legal. Todo elo, sen prexuízo daquelas outras competencias que lle podan ser atribuídas por delegación, consonte coa normativa legal en vigor.

TERCEIRO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.>>

<< Decreto Nº 2023-0560 de data 26/06/2023. Corrección erro material no decreto Nº 2023-0553 de data 23/06/2023 “decreto delegacións da alcaldía en Concelleiros/as”. Expte. 602/2023.

Dona Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Decreto de alcaldía Nº 2023-0553 de data 23/06/2023 de delegacións da alcaldía en Concelleiros/as.

De conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro dispón: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

De acordo coa atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Corrixir o erro material no punto primeiro de devandito decreto de delegacións de competencias da Alcaldía en Concelleiros/as.*

ONDE DI:

<< A don Ramón Rivas Villares, delegación da Área de Cultura, Igualdade e Emprego.>>

DEBE DICIR:

<< A don Ramón Rivas Villares, delegación da Área de Cultura, Igualdade, Diversidade e Emprego.>>

O resto do decreto mantén a súa redacción orixinal.

SEGUNDO: *Notificar a presente resolución aos interesados.>>*

<< DECRETO Nº 2023-0562 DE DATA 28/06/2023. NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACION DE ATRIBUCIONS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Expte. 602/2023





Concello de Guitiriz

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polos artigos 43, 44 e 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais concordantes e de xeral aplicación.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Constituír a Xunta de Goberno Local, órgano colexiado municipal de carácter resolutivo, que estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras da Corporación:*

Presidenta:

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa.

Vogais:

Dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcaldesa.

Don Iván Morado Corral, segundo tenente de alcaldesa.

Dona Carlos Plácido Bujan, terceiro tenente de alcaldesa.

Dona Sofía Sánchez Miragaya.

SEGUNDO.- *A Xunta de Goberno Local terá asignada as seguintes atribucións:*

a) A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que a Alcaldía lle delega, que son as seguintes:

1. En materia económica:

-O recoñecemento e liquidación de obrigas económicas (fase O) a partir de 10.000 euros, así como a ordenación de pagos (fase P) de todas as obrigas recoñecidas pola Xunta de Goberno, de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais, as disposicións de desenvolvemento, e as bases de execución do orzamento municipal.

- A aprobación das bases e convocatorias para ou outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo; e o outorgamento das mesmas, estean ou non previstas no orzamento municipal.

-Aprobación das modificacións orzamentarias de competencia de alcaldía.

2. En materia de persoal:

- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.

-A incoación e resolución de expedientes disciplinarios aos empregados públicos municipais conforme á normativa de aplicación, e a adopción das medidas cautelares que procedan.





Concello de Guitiriz

3. En materia de urbanismo e obras:

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

- O outorgamento de licenzas urbanísticas de actividades e obras maiores, obras de edificación, licenzas de segregación ou parcelación, e licenzas de primeira ocupación ou primeira instalación; así como as liquidacións ou autoliquidacións tributarias que levan asociadas, sen prexuízo da fiscalización posterior por intervención municipal.

- A incoación e resolución de expedientes de disciplina urbanística, tanto sancionadores como de reposición da legalidade urbanística.

4. En materia de contratación administrativa:

- As contratacións de obras, de subministracións, de servizos, de xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, engadidos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos. Deléganse as facultades de aprobación do expediente (pregos e gasto) e adxudicación do contrato, correspondendo á alcaldía, por motivos de eficacia e celeridade administrativa, o resto de facultades e trámites previos e posteriores.

- As concesións sobre bens e adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe ni a contía indicados. Deléganse as facultades de incoación do expediente, aprobación do expediente (pregos e gasto) e adxudicación do contrato, correspondendo á alcaldía, por motivos de eficacia e celeridade administrativa, o resto de facultades e trámites previos e posteriores.

- Os contratos menores corresponderan á alcaldía por motivos de eficacia e celeridade administrativa.

5. En materia de servizos sociais:

- Aprobación das altas, baixas e modificación de horarios dos usuarios dos servizos municipais de Punto de Atención á Infancia, Servizo de Axuda no Fogar e Centro de Día, así como as liquidacións tributarias que levan asociadas, sen prexuízo da fiscalización posterior por intervención municipal.

Sen prexuízo do anterior, a Alcaldía resérvase a avogación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

TERCEIRO.- Consonte co disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, dentro dos dez días seguintes á data de nomeamento dos seus membros.





Concello de Guitiriz

Ao abeiro do antedito precepto, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os mércores hábiles, ás 10.30 horas. De non reunirse quórum suficiente ou de ser festivo o día sinalado, celebraranse en segunda convocatoria o primeiro día hábil seguinte á mesma hora. Cando por necesidades municipais ou por motivo de axenda dos membros do órgano non se poda celebrar sesión na data correspondente, a alcaldía poderá convocala para outra data.

CUARTO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.>>

<<CONSTITUCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS. Expte. 602/2023

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Dáse conta dos escritos dos distintos concelleiros electos en relación cos grupos municipais ó abeiro do establecido nos artigos 23 e 24 do ROF e artigos 74 e seguintes da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, que son os seguintes:

Grupo municipal socialista:

Dona María Sol Morandeira Morandeira, portavoz.
Dona Paula Campo Barral, portavoz suplente
Don Iván Morado Corral, portavoz suplente
Don Carlos Plácido Buján López, portavoz suplente
Dona María Pilar Vázquez Ares, portavoz suplente
Don Ramón Rivas Villares, portavoz suplente
Dona Sofía Sánchez Miragaya, portavoz suplente

Grupo municipal do partido popular de Guitiriz:

Don José Manuel López Rodríguez, portavoz
Don Alexandre Losada Buide
Dona Maria Margarita Pereira López
Dona María Guadalupe Prado Tomé, portavoz suplente.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:

Dona Monica Roca Ares, voceira
Don Alfonso Losada Rodríguez, voceiro suplente>>

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que o Grupo Popular non ten nada que dicir e que votaran a favor.

A voceira do BNG di que en canto a este punto nada que dicir e darlle parabéns a todos e todas e que espera que sexa a corporación máis beneficiosa para toda a veciñanza.





Concello de Guitiriz

Por outro lado en canto ao noso grupo político queriamos comunicarvos a nosa intención de intervir calquera dos dous membros do grupo indistintamente si non hai obxección por parte de ninguén.

A Alcaldesa aclara que este punto da orde do día non se vota si non que se da conta das anteditas resolucións.

Comenta que non hai ningún problema en canto ao de intervir indistintamente un o outro membro do grupo político.

Expediente 614/2023. Periodicidade sesión ordinarias do Pleno e da Xunta de Goberno Local.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Secretario da lectura a proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno:

<< DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Expte. 614/2023

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Considerando o disposto do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 46.2).a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes. En virtude do regulado no artigo 210.2).a) da Lei de Administración Local de Galicia de 22 de xullo de 1997, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses. O artigo 211 da Lei de Administración Local de Galicia dispón que será o Pleno quen determinará a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local.

O pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Celebrar as sesións ordinarias do Pleno da Corporación cada dous meses, o último xoves dos meses impares ás 19.30 horas, logo de convocatoria da Sra. Alcaldesa. Para o suposto de que coincida cun día festivo ou non laborable, celebrarase o día hábil anterior ou posterior.





Concello de Guitiriz

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os mércores hábiles na alcaldía, previa convocatoria realizada pola Alcaldesa.

TERCEIRO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín oficial da Provincia.>>

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que conforme a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local na que se establece que as sesións ordinarias terán unha periodicidade establecida polo Pleno segundo se desprende do artigo 46.2 da antedita lei e do artigo 76.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e como vemos que se cumpren ambas periodicidades estamos de acordo.

A voceira do BNG di que en canto a periodicidade do Pleno nada que dicir pero pedir que se nos facilite a documentación coa máxima antelación posible para así poder preparalos.

En canto a periodicidade da Xunta de Goberno chámamos a atención o cambio que hai con respecto a anterior lexislatura dado que se pasaría de ter unha media de dúas sesións mensuais a catro, solo saber a que obedece este cambio.

A alcaldesa di que o cambio debese basicamente a que moitos asuntos que se levan a Xunta de Goberno afectan a benestar social, altas e baixas do SAF, para así axilizar os asuntos que xurdan e tamén para ter un goberno mais colexiado, pero no caso que non haxa asuntos non se celebraría.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Expediente 615/2023. Creación e Composición das Comisións Informativas e da Comisión Especial de Contas.

Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Secretario da lectura a proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno:

<< CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS. Expte. 615/2023

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

De conformidade co disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto ou estudo, informe e consulta dos





Concello de Guitiriz

asuntos a someter á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a xunta de goberno local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

A teor do regulado nos artigos 66 e 68 da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1.997, constituiranse comisións de estudo, Informe e Consulta en tódolos municipios de máis de cinco mil habitantes, correspondendo ó Pleno a determinación do número e denominación das devanditas Comisións, as cales estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación. O número dos seus membros será proporcional á súa representación no Concello. O citado artigo 66.2 prevé o voto ponderado se o número de membros de cada grupo é o mesmo.

En virtude do establecido non artigo 212.1 da antedita lei autonómica, a periodicidade das sesións ordinarias das comisións de estudo, informe e consulta será determinado polo Pleno, sendo preceptiva, en todo caso, a reunión das devanditas Comisións con anterioridade ó pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia, nos días e horas que estableza a alcaldía, segundo se sinala non artigo 134.1) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

De conformidade co disposto nos artigos 123 e 127 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que a aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Comisión Especial de Contas, á que corresponde o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias que debe aprobar o Pleno da Corporación, é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais comisións informativas.

O pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Constituír as seguintes comisións Informativas de carácter permanente para o estudo, informe e consulta dos asuntos que deben someterse a decisión do Pleno, así como de seguimento da xestión da Alcaldía e da Xunta de Goberno:

1.- Comisión de Asuntos do Pleno: que se reunirá previa convocatoria nos termos legais ás 13:30, formada por 6 membros máis a Presidencia da mesma que corresponde á Sra. Alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, coa seguinte composición de acordo coa proporcionalidade do Pleno:

Grupo municipal socialista: 3 concelleiros/as
Grupo popular: 2 concelleiros/as
Grupo Bloque Nacionalista Galego: 1 concelleiro/a

2.- Comisión Especial de Contas: que se reunirá previa convocatoria nos termos legais ás 13:30 horas, formada por 6 membros máis a Presidencia da mesma que corresponde á Sra. Alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, coa seguinte composición de acordo coa proporcionalidade do Pleno:

Grupo municipal socialista: 3 concelleiros/as
Grupo popular: 2 concelleiros/as





Concello de Guitiriz

Grupo Bloque Nacionalista Galego: 1 concelleiro/a

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade.>>

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que non teñen nada que engadir, so facer unha pregunta: na Comisión Especial de Contas con canto tempo se nos avisaría con antelación e si hai algún día prefixado para facelas?

Intervén a alcaldesa para dicir que non hai un día prefixado para a Comisión Especial de Contas, non é como a Comisión Informativa que si que esta establecido o día e a hora.

Intervén a interventora para aclarar que na Comisión Especial de Contas é onde se informa sobre a Conta Xeral e a Lei de Administración de Galicia establece que a documentación da Conta Xeral se remitira aos membros da Comisión Especial de Contas 15 días hábiles antes da convocatoria da Comisión.

A voceira do BNG di que non ten nada que dicir, solo preguntar si poden asistir indistintamente calquera dos dous membros do grupo do BNG por cuestións laborais?

Responde a alcaldesa que pode asistir tanta a titular como o suplente.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Expediente 616/2023. Delegacións do Pleno na Xunta de Goberno Local.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0

O Secretario da lectura a proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno:

<< DELEGACIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Expte. 616/2023

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Considerando o disposto do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.





Concello de Guitiriz

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, coa abstención do PP e cos votos en contra do BNG acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións do Pleno da Corporación:

-A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

-Establecemento e modificación dos Prezos Públicos.

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín Oficial da Provincia.>>

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que respecto a este punto so comentar que na “aprobación do proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos” entendemos que é para cando sexan temas de carácter urxente ou derivados de subvencións e que non sexa unha coladeira de proxectos para evitar traelos ao control do Pleno.

A voceira do BNG di eles queren manifestar a súa oposición en delegar na Xunta de Goberno calquera das funcións que por lei ten atribuído o Pleno e vemos que con respecto a lexislatura anterior engadese unha nova delegación que quedaría fora do control do Pleno “establecemento e modificación dos prezos públicos” como taxas de vados, terrazas, centro de día etc.

Intervén a alcaldesa para dicir que iso que nomea a voceira do BNG son taxas e o que se esta delegando son os prezos públicos (prezos públicos da pista de padel, piscina etc.) e decidiuse delegalo por cuestións organizativas.

A voceira do BNG reitera que son funcións atribuídas ao Pleno polo que se opoñen a súa delegación.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do BNG e abstención do PP.

Expediente 617/2023. Retribucións e Indemnizacións dos membros da Corporación e Grupos Políticos.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

O Secretario da lectura a proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno:





Concello de Guitiriz

<< RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLITICOS. Expte. 617/2023

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Visto o informe de intervención de data 5/07/2023.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e PP e coa abstención do BNG acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Que os señores concelleiros/as percibirán as seguintes retribucións por asistencia aos órganos colexiados da Corporación:

- a) Asistencia a Plenos: 90 euros
- b) Asistencia a Xuntas de Goberno Local: 150 euros
- c) Asistencia a Comisións informativas: 60 euros

SEGUNDO.- Aos efectos do establecido no artigo 75.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo nas polo conceptos e contías que se indican de seguido:

Indemnización por dietas de manutención por viaxes oficiais (previa xustificación):

- o Dentro do termo municipal: contía establecida para o grupo 1 no Anexo II do RD 462/2002, coa actualización producida pola Resolución de 2 de decembro de 2005 da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos.
- o Fóra do termo municipal:
 - § Media dieta: 30,00 €.
 - § Dieta Completa: 60,00 €.

Indemnización por aloxamento por viaxes oficiais (previa xustificación):

- o Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia: 110,00 €.
- o No resto de España: 140,00 €.
- o Internacional: contía establecida para o grupo 1 no Anexo II do RD 462/2002, coa actualización producida pola Resolución de 2 de decembro de 2005 da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos.

Indemnización por desprazamento en vehículo propio: contía establecida no RD 462/2002, coa actualización producida pola Orde EHA/3770/2005 (0,19 € por Km percorrido)

Indemnización por desprazamento en vehículo alleo: polo importe efectivamente abonado, previa aportación de documentación xustificativa do gasto realizado.





Concello de Guitiriz

Indemnización por gastos de aparcamento e peaxe: polo importe efectivamente abonado, previa aportación de documentación xustificativa do gasto realizado.

Para o abono das indemnizacións anteriores serán de aplicación as normas de devengo recollidas no RD 462/2002.

En todo o non regulado neste acordo será de aplicación supletoria o establecido no RD 462/2002.

TERCEIRO.- Determinar as seguintes asignacións mensuais aos grupos políticos: 90 euros por grupo máis 15 euros por cada concelleiro/a.

De conformidade co establecido no artigo 73.3 LBRL, no que se establece que os grupos políticos levarán unha contabilidade específica da dotación asignada a eles e que porán a disposición do pleno sempre que lle pida, o Pleno da Corporación asume a fiscalización das devanditas asignacións económicas.

CUARTO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín oficial da Provincia.>>

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que en relación co primeiro punto, retribucións por asistencia ao Pleno, Xunta de Goberno Local ou Comisión Informativas gustaríalles que se aplicase anualmente a subida, como se verá mais adiante, esta prevista nos soldos dos membros da corporación, posto que esta non se prevé para os membros dos órganos colexiados durante os catro anos do mandato, así como tamén actualizar anualmente, no punto terceiro, as asignacións a grupos políticos e tamén por cada concelleiro/a que teña o grupo político.

A voceiro do BNG di que eles observan que hai unha subida na retribucións por asistencia a Plenos, Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas, pero o que mais nos chama a atención e a subida nada proporcionada entre os tres órganos colexiados, a asistencia a Plenos ou Comisión Informativas sube un 20% mentres que a asistencia a Xunta de Goberno sube un 150%, na anterior legislatura nestas ultimas a retribución era de 60 € agora pasa a 150 e tendo en conta que as Comisións de Xunta de Goberno pasan de dúas mensuais a catro.

A Alcaldesa di que en canto a proposta do voceiro do PP ao mellor o que poderíamos facer é, no primeiro pleno ordinario de cada ano, aprobar unha nova retribución por asistencia aos órganos colexiados contemplando esa subida.

Eu non teño problema en estudialo para ver como se pode facer, entendo que a proposta é aplicarlle o mesmo IPC que se aplica as demais retribucións, pero agora mesmo temos que someter a votación esta acordo.

O voceiro do PP di que a eles parécelles que o máis axeitado é que se aplique o mesmo IPC que se aplica ao resto das retribucións.

Intervén a interventora para aclarar que o que se aplica aos concelleiros/as é o que a Lei de Orzamentos do Estado aproba para os empregados públicos.

A Alcaldesa di que a decisión de subir as retribucións por asistencia a XGL é debido a





Concello de Guitiriz

que unha porcentaxe moi elevadas das XGL levan máis asuntos que os que se traen a Pleno, dos cales temos que facer un estudo pormenorizado polo que entendemos que ten que ter unha retribución.

Aclarar que as asistencias a XGL so a cobran aqueles concelleiros/as que non teñen retribución nin por dedicación parcial nin exclusiva.

A voceira do BNG di que eles son coñecedores que a asistencia as Xuntas de Goberno Local so a cobran os concelleiros/as que non teñen ningunha outra retribución, pero tamén queremos recordar que é o único órgano ao que non asiste a oposición, e dicir, aos órganos que asiste a oposición, Plenos e Comisión Informativas, a subida é de 20% e ao órgano ao que so asisten os concelleiros/as do equipo de goberno a subida é de 150%, e dicir con catro ou cinco Xuntas de Goberno ao mes e cunha asignación por sesión de 150 € ven saíndo un salario moi parecido a que teñen os concelleiros/as con dedicación parcial.

A alcaldesa comprometése a estudar a viabilidade legal de que as retribucións por asistencia a órganos colexiados así como as asignacións aos grupos políticos e a cada concelleiro/a se lle poda aplicar a subida anual como se aplica as retribucións dos concelleiros/as tomando como referencia a subida que aproba a Lei de Orzamentos para os empregados públicos.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e PP e coa abstención do BNG.

Expediente 618/2023. Réxime dedicacións dos concelleiros/as do Equipo de Goberno.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 2, Ausentes: 0

O Secretario da lectura a proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno:

<< REXIME DE DEDICACIONES DOS CONCELLEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO. Expte. 618/2023

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Visto o informe de intervención de data 5/07/2023.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e





Concello de Guitiriz

coa abstención do BNG acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Establecer que o cargo de alcaldía-presidencia da Corporación sexa desempeñado con dedicación exclusiva coas seguintes retribucións: 3.200 € mensuais brutos en 14 pagas con efectos retroactivos dende a toma de posesión do cargo como alcaldesa (17/06/2023).

SEGUNDO.- Establecer que os seguintes cargos sexan desempeñados con dedicación parcial coas seguintes retribucións:

-Delegada da Área de Coordinación de Goberno, Réxime Interior e Medio ambiente: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 70%, debendo dedicar un mínimo de 28 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 2.000 € en 14 pagas.

-Delegada da Área de Xuventude e Deportes: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 25%, debendo dedicar un mínimo de 10 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 750 € en 14 pagas.

-Delegado da Área de Medio Rural e Coordinación de Obras e Servizos nas parroquias: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 25%, debendo dedicar un mínimo de 10 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 750 € en 14 pagas.

-Delegada da Área de Promoción e Dinamización Económica (turismo, consumo, hostalería e comercio): desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 25%, debendo dedicar un mínimo de 10 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 750 € en 14 pagas.

-Delgado da Área de Cultura, Igualdade, Diversidade e Emprego: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 25%, debendo dedicar un mínimo de 10 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 750 € en 14 pagas.

TERCEIRO.- As dedicacións parciais terán efectos retroactivos dende a data en que os/as concelleiros/as delegados/as aceptaron os seus cargos e comezaron a exercelos (24/06/2023) de conformidade co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015, polo que se procederá a dalos de alta na seguridade social con efectos de data 24/06/2023.

CUARTO.- As anteriores retribucións actualizaranse anualmente segundo o incremento anual fixado para os traballadores pola Lei de Presupostos do Estado.>>

Aberto o debate pola alcaldesa o voceiro do PP di que lles parece que son uns soldos bastante altos tendo en conta o soldo medio que hai en Guitiriz que foi o ano pasado de 18.300 euros. Aquí temos un soldo bruto da alcaldesa de 44.800 € e un da tenente de alcaldesa con so unha dedicación do 70% de 28.000 euros, e as dos concelleiros/as con dedicación parcial do 25% percibirán uns 10.500 euros brutos ao ano. Si comparamos isto con unha dedicación do 100% o SMI é de 15.120 €, e dicir, teñen unha retribución por so un tercio da xornada que nos parece bastante elevada, polo que consideramos que dada a situación de crise en que nos atopamos, parécenos desorbitados, polo que imos votar en contra.

A voceira do BNG di que o salario da alcaldesa, con dedicación exclusiva, sube con respecto ao 2019 un 28% e as retribucións dos concelleiros/as con dedicación parcial sube un 20% e súbeselles o tempo de dedicación un 5%, e dicir, súbeselles as horas de traballo pero o incremento do salario é menor con respecto ao da alcaldesa.





Concello de Guitiriz

A Alcaldesa di que esta corporación dedícalles moitas mais horas ao traballo no concello das que veñen aquí establecidas neste acordo.

En canto ao meu soldo, cando me presentei a primeira vez adoptei o compromiso de poñerme o mesmo soldo que tiña como funcionaria que era de 35.000 euros brutos.

O voceiro do PP reiterase no dito anteriormente e que nos parece uns soldos moi elevados e unha suba moi elevada, polo que imos votar en contra.

A voceira do BNG di que eles están de acordo con que o traballo hai que pagalo por iso chamounos a atención que a suba da alcaldesa sexa dun 28% e os dos concelleiros/as se incremente menos, un 20%. Outra cousa que nos chama a atención é que haxa unha concelleira sen salario asignado.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do PP e abstención do BNG.

Expediente 619/2023. Nomeamento de representantes da corporación en Órganos Colexiados competencia do Pleno.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

O Secretario da lectura a proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno:

<< NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO. Expte. 619/2023

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

En cumprimento do establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, e coa abstención do PP e BNG acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Designar os seguintes representantes do concello nos seguintes organismos:

1.-Asociación desenvolvemento comarca Terra Cha. GDR-2 Terra Chá:

Titular: Dona María Sol Morandeira Morandeira





Concello de Guitiriz

Suplente: Dona Paula Campo Barral

2.- Asociación impulsora do pacto territorial emprego:

Titular: Don Ramón Rivas Villares

Suplente: Don Iván Morado Corral

3.- IES Poeta Díaz Castro:

Titular: Don Ramón Rivas Villares

Suplente: Dona Marisol Morandeira Morandeira

4.- CEIP Guitiriz:

Titular: Don Ramón Rivas Villares

Suplente: Don Iván Morado Corral

5.- CEIP Parga:

Titular: Don Carlos Plácido Buján López

Suplente: Dona María Pilar Vázquez Ares

6.- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar:

Titular: Dona Sofía Sánchez Miragaya

Suplente: Dona Paula Campo Barral

7.- Rede Española de Cidades polo Clima:

Titular: Dona María Sol Morandeira Morandeira

Suplente: Don Carlos Plácido Buján López

8.- Asemblea da Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade:

Titular: Dona Paula Campo Barral

Suplente: Don Iván Morado Corral

9. Presidencia da Mesa Local de Comercio:

Titular: Dona María del Pilar Vázquez Ares.

Suplente: Dona Paula Campo Barral

10. Representante do Concello na Mesa Local de Comercio:

Titular: Dona Paula Campo Barral

Suplente: Don Iván Morado Corral

11. Representante político no Fondo Galego de Cooperación e solidariedade:

Titular: Dona Sofía Sanchez Miragaya

Suplente: Dona Paula Campo Barral

Representante técnico: Dona Rocío Fanego Miragaya, educadora familiar do Concello.

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e notificarlo ós órganos respectivos.>>

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que como eles descoñecen a capacidade e cualificación de cada un dos designados para ser representantes en





Concello de Guitiriz

devanditos órganos, ímonos abster posto que non ten obxecto o voto favorable nin en contra.

A voceira do BNG di que non teñen nada que dicir, nin obxectar nin opinar.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos favorables do PSOE e coa abstención do PP e BNG.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

